XXVI CONCURSO CIENCIAS SOCIAIS

MARATÓN DE PREGUNTAS

BASES

1. Poderán participar tódolas alumnas e alumnos do Colexio que o desexen, dende 5º de Educación Primaria ata 2º Bacharelato, agrupados nas seguintes categorías:

I. Educación Primaria: 5º e 6º
II. Educación Secundaria: 1º, 2º
III. Educación Secundaria: 3º, 4º
IV. Bacharelato: 1º e 2º

2. O Concurso da Maratón consiste na contestación e entrega, de forma individual, das preguntas correspondentes á categoría á cal pertence o participante.

3. A Maratón de preguntas será entregada ao profesor correspondente da área de Ciencias Sociais, Coñecemento do Medio ou titor co se nome e curso correspondente.

4. Para poder participar no Concurso da Maratón NON é necesario ter respondido a tódalas preguntas.

5. Os traballos con maior número de respostas acertadas da Maratón terán os seguintes premios en cartos (no caso de empate haberá reparto de premios).

	I CATEGORÍA	II CATEGORÍA	III CATEGORÍA	IV CATEGORÍA
1º Premio	50	50	50	50
2º Premio	40	40	40	40
3º Premio	30	30	30	30
4º Premio	25	25	25	25
5º Premio	20	20	20	20

Tamén haberá 20 premios de 5 euros que se entregarán a sorteo entre os participantes do Maratón (deben ter, alomenos, a metade das preguntas contestadas correctamente).

6. As respostas do Concurso Maratón serán realizadas na folla oficial preparada a tal efecto e que estará a disposición de tódolas alumnas e alumnos. Pódense consultar as preguntas tamén na páxina web do Colexio e na plataforma Moodle.

7. O prazo de entrega do Concurso Maratón remata o día 31 de marzo, venres, ás 14'00. A relación dos traballos premiados estarán expostos nunhas follas nos corredores dos distintos ciclos e cursos. Os alumnos agraciados cos primeiros premios recibirán os premios no Acto de entrega de premios colexiais que organiza a ANPA o 27 abril do 2017. O resto recibirán os premios por parte dos profesores.

8.O feito de participar no Concurso Maratón presupón a aceptación das normas do mesmo.

DEPARTAMENTO CIENCIAS SOCIAIS